



Obxecto:	Informe á Resposta do promotor
Proxecto:	Parque eólico Rodicio II
Localización:	Maceda e Montederramo (Ourense)
Promotor:	Greenalia Wind Power, S.L.U.
Remitente:	Servizo de Enerxías Renovables e Eficiencia Enerxética da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía , Empresa e Innovación
S/clave:	IN408A 2020/42
Expediente :	03.I.608.2021.001 (Servizo de Arqueoloxía) IA3299/2021 (Servizo de Arquitectura)

O 24.11.2021 ten entrada, no rexistro electrónico da Xunta de Galicia, un escrito do Servizo de Enerxías Renovables e Eficiencia Enerxética da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, polo que se da traslado da reposita do promotor ao informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de data 10.06.2021.

ANTECEDENTES E FEITOS

En relación co proxecto de referencia, atópanse nesta Dirección Xeral do Patrimonio Cultural os seguintes antecedentes:

- *Estudo de Impacto Ambiental do Parque eólico Rodicio II. Maceda e Montederramo (Ourense). Agosto 2020*, informado pola directora xeral de Patrimonio Cultural o 10.06.2021.
- *Proxecto Sectorial do Parque eólico Rodicio II. Maceda e Montederramo (Ourense). Febreiro 2020*, informado pola directora xeral de Patrimonio Cultural o 11.06.2021.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

- Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16.05.2016)
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia (DOG núm. 162, do 27.08.2018)
- Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproban as Directrices de Ordenación do territorio de Galicia (DOG núm. 36, do 22.02.2011)
- Lei 7/2008, do 7 de xullo, de Protección da Paisaxe de Galicia (DOG núm. 139, do 18.07.2008)
- Decreto 238/2020, do 29 de decembro, polo que se aproban as Directrices de paisaxe de Galicia (DOG núm. 20, do 01.02.2021)

O informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural sobre o EsIA (do 10.06.2021) pedía completar a avaliación de impacto sobre o patrimonio cultural tendo en conta as seguintes consideracións:

- *É necesario avaliar e corrixir o impacto do aeroxerador nº 3, e a súa infraestrutura asociada, sobre a Estrutura lítica de Penas do Vieiro-Monte Murriosa (RE 32049002).*
- *Dado que o parque eólico Rodicio aínda no está construído, con carácter previo ao inicio das obras deberase presentar un documento no que se detallen e avalíen as actuacións a realizar nos accesos desde as estradas xerais e no tramo que coincide cos accesos ao parque eólico Rodicio, para facilitar o paso do transporte especial (podas, talas, rectificación de curvas, modificacións no firme, cunetas, etc.). Identificaranse os bens do patrimonio cultural que puideran verse afectados, tanto nos núcleos polos que se atravesase como no resto do trazado ata chegar aos aeroxeradores (xacementos arqueolóxicos, hórreos, cruceiros, valados de pedra, muros de peche tradicionais, antigos camiños e corredoiras, carballeiras, pontes, pontellas, muíños e outras construcións etnográficas) e valorarase a posible afección aos elementos e os seus contornos, establecendo as medidas protectoras e correctoras necesarias para a súa salvagarda.*
- *Respectaranse as medidas protectoras sinaladas na Avaliación do impacto sobre o patrimonio cultural respecto ao valado tradicional identificado nas inmediacións da SET Rodicio.*





A documentación agora achegada consiste no 1º Anexo a Memoria da avaliación de impacto sobre o patrimonio cultural, asinado polo arqueólogo Enrique Álvarez Veira, autor tamén da devandita Memoria. Neste anexo déixase claro que no ámbito de afección das obras non existe ningún elemento rexistrado no Inventario do Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, aínda que si fóra da poligonal, como se reflicte na planimetría, pero a gran distancia.

Inclúese unha táboa con tres elementos do Inventario:

Elemento	Clave Inventario	Distancia desde obras	Impacto
Estrutura lítica de Penas do Vieiro	REF32049002	> 215 m ao NO	Compatible
Mámoa 1 de Penas do Vieiro	GA32049006	> 470 m ao NO	Compatible
Monte Pedroso	REF32049004	> 1.300 m ao NE	Sen afección

Na prospección arqueolóxica soamente se identificou un tramo de valo tradicional xunto ao vial de acceso ao parque eólico que non debería sufrir ningún tipo de afección dentro deste proxecto, ao pertencer o dito vial a un proxecto diferente.

Este anexo conclúe que este e os demais elementos se deberán ter en conta no caso de que o proxecto orixinal sufra calquera modificación que, en todo caso, precisará dunha actualización da avaliación cun novo documento complementario.

A única medida preventiva que se recomenda é que as delimitacións de todos os elementos se faciliten na planimetría de obra, polo que o arqueólogo redactor se ratifica na cualificación de impacto compatible coa preservación do patrimonio cultural do ámbito de afección.

INFORME

Á vista do exposto e desde o punto de vista da protección do patrimonio cultural se informa que o 1º Anexo a Memoria da avaliación de impacto sobre o patrimonio cultural, compre cos requirimentos do informe desta dirección xeral de data 10.06.2021, e polo tanto se informa de xeito **favorable** o Estudo de Impacto Ambiental do Parque Eólico Rodicio II.

Non obstante, dado que o acceso ao parque eólico Rodicio II baséase no acceso ao parque eólico Rodicio, aínda sen construír, cómpre solicitar no caso de que se constrúa antes o parque eólico Rodicio II que con carácter previo ao inicio das obras se presente un documento no que se detallen e avalíen as actuacións a realizar nos accesos desde as estradas xerais e no tramo que coincide cos accesos ao parque eólico Rodicio, para facilitar o paso do transporte especial (podas, talas, rectificación de curvas, modificacións no firme, cunetas, etc.), tal como se di no informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural do 10.06.2021.

Documento asinado dixitalmente en Santiago de Compostela

A directora xeral de Patrimonio Cultural

Mª Carmen Martínez Ínsua

Servizo de Enerxías renovables e Eficiencia Enerxética, Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación

